

COMEZAN OS TALLERES DE IGUALDADE NO CEIP O AREAL



Hoxe, no CEIP O Areal de Camariñas, comezaron os obradoiros de igualdade entre homes e mulleres para a loita contra a violencia de xénero que se levan a cabo por parte da técnica de igualdade, contratada polo concello de Camariñas. Os obradoiros van encamiñados a realización de diferentes actividades para o alumnado de 5º e 6º de primaria.

Os alumnos e alumnas de 5º están aprendendo mediante o xogo do “Pasapalabra Inclusivo” aquelas accións, conductas, sentimentos... relacionados coa desigualdade e violencia de xénero así como aquelas conductas, accións, sentimentos... relacionados coa igualdade, respecto e non violencia de xénero. O Obxectivo principal é facilitar a prevención, detección e eliminación de manifestacións de violencia substituíndoas por outras que demostren respecto e igualdade.

Co alumnado de 6º trabállase a temática da violencia de xénero e o amor romántico mediante o análise crítico de varias cancións. Valéndose destas preténdese previr ideas como o amor romántico avasalador, que todo o perdoa, que todo o quere, assimilar os conceptos ocultos mediante a música que eles escoitan: pop, rock, reguetón... ou descubrir mitos que poden encerrar perigos.

